



CONCELLO DE  
SANTIAGO

CONCELLARÍA DE POLÍTICAS SOCIAIS, DIVERSIDADES E SAÚDE

Estimada/o amiga/o:

O Concello de Santiago de Compostela está a desenvolver o seu programa **Compostela Móvese**, que ten como principal obxectivo apoiar un modelo de desenvolvemento económico local propio, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce.

Dentro deste programa xurdiron o ano pasado as I Xornadas de Economía Social e Colaborativa realizadas con gran éxito de público, creando un espazo de continuidade no CERSIA Empresa para a reflexión e a formación nas posibilidades da economía social e as novas economías.

Gustaríame convidarvos ao **II Foro de Economía Social Inspiradora**, que se celebrará o vindeiro **28 de novembro no CERSIA Empresa** e que este ano xira en torno ao fomento do cooperativismo, dado o interese que ten este concello por estimular a promoción económica centrada nas persoas como motores de cambio, e na responsabilidade empresarial como factor clave do emprendemento sostible.

Nesta ocasión, o II Foro pretende artellarse en torno a tres ideas complementarias:

Por unha parte, queremos **fomentar a creación de empresas cooperativas**, polo que no foro poderemos ver exemplos de empresas cooperativas que operan en distintos sectores de actividade empresarial.

Ademais, queremos **coñecer e recoñecer o traballo de empresas con valores sostibles, igualitarios e solidarios**, polo que se dará visibilidade ás entidades que aparecen no Catálogo de entidades de economía social en Santiago de Compostela, realizado e publicado polo concello de Santiago no ano 2016.

E, por outra, **insistir na necesidade de colaborar dende as complicidades persoais** para deseñar proxectos de colaboración que derive na "coopetición" de redes de persoas, profesionais e empresas.

Se coñecedes proxectos de economía social que poidan estar interesados en coñecer o catálogo, ou persoas interesadas en emprender algún negocio de economía social que poidan resultarlle estimulante e proveitoso participar, non dubideis en convidalas e achegarles esta convocatoria.

Esperámosvos con interese e afecto.

Un saúdo.

Concha Fernández

Concellería responsable de Economía Social



Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017